

## OS DATOS DE PARO AVALAN UNHA REFORMA LABORAL QUE SEGUE DESPREGANDO O SEU POTENCIAL

**UGT reclama ao PP que retire o recurso de inconstitucionalidade contra a reforma laboral que está conseguindo un crecemento económico máis estable, inclusivo e equilibrado**

**Redacción.-** Os datos de paro rexistrado publicados o pasado martes polo Servizo Público de Emprego (SEPE) reflicten o dinamismo propio do mercado laboral en plena tempada estival, cun novo aumento da afiliación de 8.145 persoas. Tras varios meses consecutivos rexistrando incrementos, o número total de persoas afiliadas sitúase xa en 1.067.230. Pola súa banda, o desemprego volve caer este mes, concretamente en 5.410 persoas, contabilizando unha cifra total de 129.024, o mellor dato da serie histórica, dende 1996.

En canto á afiliación, dáse un crecemento sostido nos seis primeiros meses do ano, partindo de 1.031.000 e chegando aos 1.067.0000, 36.500 máis. Comparando o primeiro semestre de 2023 co mesmo período de 2022, obtéñense en Galicia 14.500 empregos máis.

O máis destacable é que esta expansión do emprego está a darse a través do emprego de calidade de maneira que a reforma laboral segue, por tanto, despregando todo o seu potencial tras ano e medio desde a súa entrada en vigor, profundando na estabilización e a mellora das condicións laborais das persoas traballadoras. Unha mostra diso é que a temporalidade na afiliación continúa manténdose no mínimo histórico do 14%.

Ademais, o número de contratos indefinidos asinados neste mes continúa ascendendo, realizándose en xuño 22.993 contratos, e chegando a supoñer o 31,34% do total de contratos rexistrados. Así, aínda que o número total de contratos rexistrados é menor en comparación con anos anteriores, isto non é máis que unha mostra da estabilidade na que por fin se instaurou o mercado laboral español, que pasou a asentarse sobre a contratación indefinida e non sobre a concatenación sen fin de contratos temporais de moi curta



duración.

### Xérase emprego estable e de calidade, os feitos desmontan o discurso do Partido Popular

En definitiva, a estas alturas xa non hai dúbidas do impacto tan positivo que está a ter a reforma laboral sobre a creación de emprego de calidade, permitindo ás persoas traballadoras contar coa seguridade e certeza necesarias para levar a bo termo os seus proxectos de vida. Así o está recoñecendo incluso o Partido Popular, que a rexeitou no seu momento co seu voto en contra no Parlamento, e que estivo descualificándoa e opoñéndose á súa aplicación desde a súa entrada en vigor, mesmo cun recurso de inconstitucionalidade que desde UGT reclamamos que retire de inmediato. Os datos son túzaros, e a indubidable mellora da calidade do emprego que implica a reforma laboral obrigou a rectificar o discurso sobre a mesma do PP, que debe agora acompañar cos feitos.

En conxunto, o dinamismo do emprego e a posta en marcha de políticas públicas de carácter social están a dar paso a un crecemento económico máis estable, inclusivo e equilibrado no tempo. E a mellor proba diso é o feito de que, a día de hoxe, a economía española converteuse nunha das máis

sólidas de toda a Unión Europea, crecendo catro veces máis que a media europea e sendo a primeira dos países de maior peso da Eurozona en reducir a inflación por baixo do 2%, o nivel de referencia do Banco Central Europeo.

### Radiografía desemprego en Galicia

Concretando os datos que se fan públicos hoxe, en Galicia o desemprego baixou en 5.410 persoas con respecto ao mes anterior (4,02%) e no Estado esta cifra baixou un 1,84%. No ano tamén se rexistrou unha contracción do desemprego, baixando en 11.908 persoas, un 8,5% menos.

Así, o número total de desempregados sitúase en 129.024 persoas, a cifra máis baixa nun mes da serie histórica, dende 1996.

Por idades, entre os menores de 25 anos, o desemprego baixou nun 9,74%, unha evolución máis acusada que no conxunto de idades, o que indica unha mellora de expectativas, e baixou no ano nun 17,95%.

Por sexos, o paro cae en ambos casos, entre as mulleres nun 4,01% e nun 4,04% entre os homes. No ano tamén baixou en ambos casos, o 9,58% entre os homes e o 7,65% entre as mu-

lles. Aínda así, en termos estruturais, as mulleres seguen a representar o 58,93% do total do desemprego en Galicia. O paro afecta a un total de 76.035 mulleres, fronte a 52.989 homes.

En canto aos sectores, dáse unha baixada do paro en todos. Así, baixou un 3,96% no primario; un 3,13% na industria; o 3,27% na construción; un 2,51% no colectivo sen emprego anterior; e nun 4,42% nos servizos. No ano sucede o mesmo, baixa en todos. Baixa un 15,74% no primario; o 12,15% na industria; o 11,28% na construción; e o 8% no sector servizos; e no colectivo de sen emprego baixa o 1,88%.

Territorialmente, cae o desemprego no mes en todas as provincias, nun 3,1% en Lugo; o 4,52% en Pontevedra; o 4,22% na Coruña; e o 2,42% en Ourense. No ano baixa en todas as provincias, en Lugo nun 8,54%; 9,12% en Pontevedra; 7,95% na Coruña; e o 7,84% en Ourense.

O dato de contratación indefinida é do 31,34%, aínda por abaixo do resto do Estado onde é do 42,3%. Realizáronse en xuño un total de 73.138 contratos en Galicia, menos que no ano anterior pero de moita máis calidade.

Por sectores, destacan as porcen-

taxes de contratación indefinida na construción, do 70,34%, e do 59,43%, no primario. Tamén foron elevadas, aínda que non tanto, nos servizos, do 30,12%, e na industria, do 23,04%.

En canto á taxa de cobertura, esta sitúase no 64,06%, con 78.523 persoas beneficiarias. Deste total, 40.253 perciben subsidio e a renda activa de inserción, 4.688, ambas importes asistenciais, e tan só 33.582 prestacións contributivas, o 42,8% do total.

A afiliación á Seguridade Social sitúase en 1.067.230 de media mensual, medrando un 0,77% no mes e un 1,78% no ano.

## UGT PARTICIPA NAS MANIFESTACIÓNS DO DÍA DO ORGULLO LGTBI CELEBRADAS EN GALICIA



**Redacción.-** UGT participou nas manifestacións convocadas en Galicia co gallo do Día internacional do orgullo LGTBI baixo o lema “Sumamos”.

Nestas manifestacións alertouse sobre os gobernos de ultradereita, que xa están a entrar nas institucións en España, e instouse

a “non dar ningún paso atrás” porque somos “sindicalistas, activistas e defensores dos dereitos das persoas LGTBI”. Estase tentado branquear á extrema dereita e os discursos do odio e que cada vez hai máis delitos relacionados con isto. UGT anima a combater esta involución social dentro e fóra das empresas, porque “os dereitos das persoas LGTBI son dereitos humanos”.

## CONTINUÁN AS MOBILIZACIÓNS NO METAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

**Redacción.-** Ante a ausencia dun acordo, este xoves e hoxe tiveron lugar outras dúas xornadas de folga no sector do metal da provincia de Pontevedra, cun amplo seguimento, e cuns traballadores e traballadoras que se volcaron nas manifestacións convocadas.

Os traballadores e traballadoras insisten en demandar un convenio digno para o sector, con máis de 30.000 persoas empregadas, e denuncian a pasividade da patronal na negociación do novo texto.

Así, a parte empresarial ofrece unha subida do 2 % no 2023, dun 3 % no 2024 e doutro 3 % no 2025. Subas insuficientes, dende os sindicatos reclámase un incremento do 4 % en cada exercicio.

Tampouco hai avances noutros

tres eixos clave da negociación, como é a actualización salarial conforme ao IPC. A patronal tamén se mantivo inamovible no que respecta á redución de horas traballadas. Ofrecen oito horas, pero a parte sindical pide que sexan 24 (tres xornadas).

Que o convenio recolla a subrogación de traballadores no ámbito privado tamén provocou un encontronazo entre os axentes sociais. Dende UGT FICA, xunto cos outros sindicatos, peléxase porque se garanta o amparo dos contratos do metal no caso de que cambie o empregador.





## AMPLIO SEGUIMIENTO NAS DÚAS PRIMEIRAS XORNADAS DE FOLGA DE AMBULANCIAS EN GALICIA

**Redacción.-** Os sindicatos UGT, CCOO, CIG e USO convocaron cinco días de folga no sector das ambulancias de Galicia, así como unha mobilización o próximo 12 de xullo, para reclamar melloras nas súas condicións laborais. En concreto, o sector abriu o calendario de mobilizacións coas dúas primeiras xornadas de folga este xoves e venres, ambas cun amplo seguimento. A maiores está prevista folga os días 19, 20 e 21 de xullo e unha mobilización o día 12.

Estas convocatorias van precedidas do amplo respaldo dado polos traballadores nas asembleas celebradas ante a negativa da patronal a ter en conta a súa proposta e a "falta de avances" nas reunións de negociación celebradas.

As súas reivindicacións pasan por súbdidas salariais, tendo en conta a perda de poder adquisitivo derivada do incremento do IPC nos últimos anos.

Ademais, reclaman melloras laborais, con redución de xornada laboral, incre-

mento de efectivos e de vehículos e melloras nas baixas e os permisos retribuídos.

En canto ao persoal, que os sindicatos cifran entre 1.800 e 2.000 traballadores, estiman que sería necesario entre o 30 e o 40 por cento máis para paliar esta situación.

Así mesmo, en relación ás baixas por incapacidade temporal, estas duplicáronse, a práctica totalidade delas por lesións músculo esqueléticas derivadas da "sobrecarga" de traballo que sofren.

Os representantes sindicais explicaron que este servizo, especialmente algunhas áreas sanitarias, está tensionado nos últimos anos, especialmente no último, con ambulancias que deben atender "máis de 20 servizos diarios", algo "moi por encima



de razoable". Fronte a iso, critican a "falta de preocupación" da Consellería de Sanidade, cuxa "única proposta" pasa por implantar "máis ambulancias baixo custo", é dicir, "que só levan condutor", o que motiva que, "en moitas ocasións", sexa necesario mandar outra de apoio aos servizos. En canto á patronal, cualificárona de "irresponsable", xa que, denuncian, nas súas propostas de negociación "non incluíu" ningunha das reclamacións dos sindicatos.

## OS TRABALLADORES E TRABALLADORAS DO AVELINO MONTERO CONTINUÁN CO SEU CALENDARIO DE MOBILIZACIÓNS PARA DENUNCIAR A DECISIÓN DA XUNTA DE SUPRIMIR POSTOS DE TRABAHO NO CENTRO

**Redacción.-** Nova concentración, o pasado martes, de traballadores e traballadoras do centro de menores Avelino Montero de Pontevedra. A entrada principal albergou este martes unha protesta convocada polo sindicato UGT para denunciar a non modificación da eliminación de catro postos de traballo coa categoría de educadores, tras unha reunión coa Xunta celebrada o pasado 15 de xuño.

Desde UGT sosteñen que a Consellería de Política Social e Xuventude e a Xefatura Territorial con sede en Vigo seguen mantendo a eliminación deses catro postos de traballo no centro.

"O centro non é nin será un mero aparcadoiro de rapaces cuxa única finalidade é a separación da sociedade", subliña o secretario xeral de UGT-Pontevedra-Arousa-Deza. Insisten en que os profesionais educadores, tendo presente ás outras categorías profesionais, elaboran un proxecto individualizado de interven-



ción a cada ingreso, con avaliación constante e elaboración de análise e informes que se trasladan periodicamente ás autoridades xudiciais pertinentes.

Reducir o persoal do centro reeducativo, sobre todo nesta categoría, é incomprendible. Máis aínda cando se está realizando na actualidade unha remodelación das instalacións da rúa Montero Villegas, 32, de máis dun millón de euros, pre-

vendo un incremento de prazas na atención e reeducación de menores infractores.

O secretario xeral de UGT-Pontevedra-Arousa-Deza insistiu en que a Consellería desoe todos os datos e argumentos que se lle achegan, procedentes tanto dos traballadores, dos seus representantes, dos colexios profesionais e dos datos extraídos da Memoria Anual presentada polo fiscal xefe de Pontevedra.

# O TRIBUNAL SUPREMO DESBLOQUEA AS INDEMNIZACIÓNS DOS EX TRABALLADORES DE ALU IBÉRICA

*Ratifica o acordo entre empresa e sindicatos relativo ao despedimento colectivo*

**Redacción.-** A Sala do Social do Tribunal Supremo (TS) ven de desestimar as demandas interpostas por 17 antigos traballadores de Alcoa contra o auto de outubro de 2019 ditado pola Audiencia Nacional para a homologación do acordo extraxudicial alcanzado entre a empresa e UGT, xunto cos outros sindicatos, relativo ao despedimento colectivo, do ano 2019. Neste acordo están previstas indemnizacións polos devanditos despedimentos que agora quedarán desbloqueadas.

Os demandantes solicitaban a nulidade do auto de homologación do acordo transaccional asinado entre sindicatos e empresa porque entendían que había dolo e mala fe por supoñer un prexuízo e discriminación para eles ao quedar excluídos. Non obstante, o Tribunal Supremo deixa claro que a relación laboral destes 17 ex traballadores non rematou por iniciativa da empresa no contexto da extinción colectiva de contratos de traballo. De feito, nove deles extinguiron a relación laboral de xeito voluntario, catro accederon a unha exce-

dencia voluntaria e outros catro estaban en situación de incapacidade temporal sen reserva de posto.

É dicir, a causa extintiva nestes casos é distinta da que se explicita nos acordos que afectan aos ex traballadores da planta de A Coruña e da de Avilés.

## O Acordo contemplaba tamén un plan de recolocación externa que hai que cumprir

Isto supón que, agora, xa hai vía libre para executar as indemnizacións e dende UGT lémbrese que, ademais destas, no



devandito acordo, xa ratificado no seu momento pola Sala do social da Audiencia Nacional e agora polo Tribunal Supremo, contemplábase, ademais das extincións contractuais por causas obxectivas, un plan de recolocación externa que hai que cumprir.

# UGT REIVINDICA A IMPORTANCIA DA CARTA SOCIAL EUROPEA NA DEFENSA DOS DEREITOS LABORAIS DAS PERSOAS TRABALLADORAS

**Redacción.-** Con motivo do 25 aniversario da entrada en vigor do Protocolo Adicional á Carta Social Europea (CSE) polo que se establece un sistema de reclamacións colectivas en 1998, o Departamento de Dereitos Sociais do Consello de Europa acolle unha xornada para debater sobre a protección efectiva dos dereitos sociais no espazo europeo no que participaron diferentes membros do noso sindicato.

O obxectivo desta xornada foi aumentar a concienciación e a comprensión do funcionamento e a importancia do procedemento de reclamación colectiva como ferramenta de boa gobernanza.

Fernando Luján, vicesecretario xeral de Política Sindical, fixo referencia a que “o control de cumprimento das disposicións da CSE deu un gran paso coa ratificación do Protocolo de Reclamacións colectivas, o cal permite a denuncia de cuestións concretas sobre incumprimentos, o que unido ao sistema de presentación ante o Comité Europeo de Dereitos Sociais (CEDS) por parte das organizacións sindicais, permitiu mellorar significativamente a protección dos dereitos recolleitos na Carta”.

Así mesmo, incidiu especialmente na reclamación colectiva que realizou a Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores ao Reino de España polos baixos custos de despedimento no noso país. Este procedemento, incoado ante o CEDS en 2022, denuncia a violación do artigo 24 da Carta Social Europea Revisada por parte do Estado español, demandando o incremento do importe actual das compensacións por cesamento improcedente e a esixencia de considerar as circunstancias de cada persoa ao ser despedida, esixindo, de acordo á Carta Social Europea Revisada, tratado de obrigado cumprimento no noso país de acordo coa propia Constitución Española, que a indemnización por despedimento inxustificada sexa verdadeiramente disuasoria para evitar que se repitan situacións inxustas e que, ademais, resarza á persoa traballadora dos prexuízos sufridos por unha decisión empresarial inxusta.

Finalmente, destacou o traballo realizado polo sindicato para que levase a cabo a ratificación e entrada en vigor da Carta Social revisada, a cal ampliou notablemente o catálogo de dereitos sociolaborais que deben ser observados por parte do Consello de Europa, facendo que estes sexan de aplicación

directa.

Mari Carmen Barrera, secretaria de Políticas Europeas, pola súa banda, aludiu a que a UGT, mostrando o seu total compromiso coa defensa os dereitos recolleitos na CSE, leva máis dunha década presentando alegacións aos informes que se presentan ao CEDS nalgunhas cuestións relacionadas coa xornada laboral, as vacacións, os salarios, a negociación colectiva ou a seguridade e saúde no traballo. Destacando o traballo realizado polo sindicato para que levase a cabo a ratificación e entrada en vigor da Carta Social revisada -un proceso que se iniciou en 2020 e que se culminou en 2022- a cal ampliou notablemente o catálogo de dereitos sociolaborais que deben ser observados por parte do Consello de Europa, facendo que estes sexan de aplicación directa.

Para finalizar, ambos esixiron aos Estados membros do Consello de Europa que aínda non aceptaron o procedemento de denuncia reclamación colectiva, para que sigan o exemplo dos 16 países que si o fixeron, de para contribuír á creación dun espazo xurídico máis protector dos dereitos sociolaborais recollidos nos tratados europeos.



## UGT RESPONDE ÁS DÚBIDAS SOBRE AS VACACIÓNS

### *As vacacións son un dereito?*

Si, en España é un dereito que se regula no artigo 38 do Estatuto dos Traballadores e nos convenios colectivos pode mellorarse.


### *A cantos días teño dereito?*

En España, en ningún caso as vacacións poden ser inferiores a 30 días naturais por ano, aínda que algúns convenios poden amplialos. Se un traballador iniciou a súa relación laboral, unha vez comezado o ano, terá dereito á parte proporcional das vacacións correspondentes ao período traballado.

### *Pódenme impoñer as datas de vacacións?*

O calendario de vacacións acórdase en cada centro de traballo entre a empresa e as persoas traballadoras ou os seus representantes. En todo caso, a empresa ten a obriga de notificar o período de goce con polo menos dous meses de antelación.

### *Que pasa se a persoa traballadora*



### *está de baixa por unha incapacidade temporal?*

As vacacións non se perden se se está de baixa. A persoa traballadora poderá gozar delas cando finalice a súa incapacidade temporal.

### *A cantos días de vacacións teño dereito se teño un contrato a tempo parcial?*

Aos mesmos días que se tiveses un contrato a xornada completa.

### *Que sucede se me despiden estando de vacacións?*

A empresa está obrigada a comunicarche as causas do despedimento por escrito e terás dereito ao abono dos días de vacacións non gozados que che correspondan.

## O EMPREGO, A PROTECCIÓN SOCIAL E A XORNADA DE 32H SON CLAVES PARA LOGRAR UNHA TRANSICIÓN ENERXÉTICA XUSTA

**Redacción.-** O cambio climático constitúe unha ameaza real de graves consecuencias para a saúde do planeta e para o benestar da cidadanía. Por iso, debemos actuar para revertir esta situación a través da transición enerxética, a cal é unha oportunidade inmensa para mellorar a competitividade das empresas e a creación de emprego de calidade.

Neste sentido, Barrera fixo referencia aos dous ditames de UGT, aprobados recentemente no plenario do Comité Económico e Social Europeo, sobre política enerxética e mercado laboral e negociación colectiva verde.

A secretaria de Políticas Europeas explicou que as medidas en materia de transición enerxética non están tendo en conta o impacto no emprego. Por iso, é necesario que os interlocutores sociais sexan implicados neste proceso de transición para lograr unha maior garantía de éxito en termos de xustiza socioeconómica.

“Desde UGT esiximos garantir, a

través da utilización de todos os instrumentos posibles, que a transición verde sexa xusta, tamén en termos de emprego, e que non deixe a ninguén atrás, xa que non hai Pacto Verde sen Pacto Social”, engadiu.

Barrera defendeu o reforzamento e a promoción do diálogo social e a negociación colectiva verde para axudar a gobernar as transicións dunha forma máis democrática, eficaz e xusta; guiar as reformas nos mercados laborais e as políticas sociais; e conseguir unha converxencia europea á alza de mellores condicións de vida e de emprego.

Para iso, reclamou garantir a voz, información, consulta e participación das persoas traballadoras a través de figuras e órganos específicos como a persoa delegada de medio



ambiente ou o comité paritario ambiental, elementos centrais da negociación colectiva verde.

Ademais, recalcou a importancia de “unha formación validada e certificada, os permisos formativos e a xornada laboral de 32 horas semanais”, sobre a cal UGT elaborou un proxecto piloto a nivel europeo. Estes son “elementos fundamentais para lograr a capacitación e adaptación aos novos postos de traballo derivados da dobre transición, ecolóxica e dixital” finalizou.

# UGT DIANTE DAS PROPOSTAS DO CÍRCULO DE EMPRESARIOS

*O sindicato analiza as medidas propostas na carta aberta*

**Redacción.-** A carta aberta presentada polo Círculo de Empresarios contén unha serie de medidas obsoletas, que quedaron claramente refutadas polas leccións aprendidas froito da xestión da pandemia provocada pola Covid-19, e que supoñen unha voadura tanto da reforma laboral, que tan bos resultados está a dar coa creación de emprego indefinido, como da reforma de pensións que garante o poder adquisitivo das persoas pensionistas e a sustentabilidade do sistema de Seguridade Social. Ademais, contradin os Acordos e convenios internacionais subscritos polo noso país e o noso texto constitucional.

En primeiro lugar, reducir a indemnización por despedimento a través da instauración da denominada “mochila austríaca” pode vulnerar o Convenio 158 da OIT e a Carta Social Europea. Conforme aos devanditos Convenios, a extinción do contrato de traballo debe responder sempre a unha causa lexítima, apostando por un despedimento libre, barato, case gratuíto, e sen causas que derroga, de facto, o carácter indefinido dos contratos de traballo que consagra a última reforma laboral. Así mesmo, sorprende que os empresarios defendan un sistema que castiga ás empresas que non despiden (que teñen que achegar mes a mes fondos ás contas do seu persoal, aumentando os seus custos laborais) e premia ás que recorren con maior frecuencia ao despedimento inxustifico (ao rebaxar o seu importe e facilitar financeiramente o mesmo). Ademais, este sistema provocaría un aumento do número de despedimentos e da rotación laboral, ao eliminar todo efecto disuasorio da indemnización e ao desincentivar o uso de medidas de flexibilidade interna, derogando tamén de facto os chamados ERTES ou o mecanismo REDE, ao facilitar o despedimento. As empresas do noso país deben aspirar á fidelización e motivación dos seus traballadores, o que garante un aumento da produtividade e da calidade das relacións laborais.


O Círculo de Empresarios tamén considera que a última reforma laboral, “retardou o ritmo de creación de emprego, ocultou o desemprego e prexudicou a flexibilidade”. Debe producir verdadeiro asombro que algúns empresarios atrevanse a soste esta posición o día seguinte a que se fagan públicos uns datos históricos de afiliacións á Seguridade Social e cando, de

novo, como no último ano e medio, confirmase a clara tendencia de consolidación da contratación indefinida no noso país. Os contratos indefinidos pasaron de representar o 9,6% do total de contratacións no ano 2021, ao 42,3% no que levamos do 2023. Non deixa de ser rechamante que ataquen o froito do diálogo social, que tan bos resultados está a dar en España, e no que estiveron representados por CEOE e CEPYME, polo que lles debería obrigar a respectar o acordado.

A proposta de aumentar ata os 72 anos a idade de xubilación e a redución do gasto público en case un 10% e a redución ou supresión de impostos é profundamente contraria ao noso texto constitucional. O Círculo de empresarios parece esquecer que a Constitución de 1978 define ao noso Estado como social (art. 1) e que esixe que todos contribúan ao sostemento dos gastos públicos de acordo coa súa capacidade económica mediante un sistema tributario xusto inspirado nos principios de igualdade e progresividade (art. 31). Incumpre tamén o acordado coas asociacións patronais en xullo de 2021 e que garantía o poder adquisitivo das pensións

Reducir impostos, ademais, impediría ao Estado seguir dando respostas adecuadas aos retos que o noso país ten por diante. Non esquezamos que foron os ingresos do Estado, provenientes dos impostos que agora algúns empresarios demonizan, os que permitiron salvar millóns de empresas e de postos de traballo durante a pandemia grazas á inxente cantidade de recursos económicos mobilizados a través dos ERTES. Non se oíu entón ao Círculo esixir que o Estado gastase menos. Entón, como ao fillo egoísta, todo lles parecía pouco.

Ademais, é falso que o noso país teña unha presión fiscal insostible. Segundo os datos máis recentes da OCDE, unha organización non sospeitosa de izquierdismo radical, España sitúase no 38,4%. Por baixo de Dinamarca (46,9%), Francia (45,1%), Italia (43,3%), Suecia (42,6%), Bélxica (42%), Alemaña (39,5%) ou Gre-



cia (39%). En todo caso, quen máis ten, máis debe contribuír, salvo que os empresarios do Círculo defendan tamén a derogación da Constitución española.

A proposta sobre a xubilación é tamén unha temeridade cando as centrais sindicais e o Goberno acordamos unha reforma do sistema público de pensións que garante a súa sustentabilidade a longo prazo. O noso país, por primeira vez na historia, optou por poñer o foco de atención no incremento dos ingresos (había marxe para iso) e non no recorte das prestacións ou dos beneficiarios do sistema.

A reforma acordada coas organizacións sindicais asegura que os ingresos estarán á altura do reto demográfico e que as persoas traballadoras con ingresos máis altos deben cumprir coa obriga constitucional de achegar máis, para asegurar a redistribución dos esforzos. A proposta do Círculo de empresarios parece esquecer que os axustes que se centran exclusivamente na redución do gasto, que fan as pensións públicas insuficientes, son inxustos e provocan sufrimento e pobreza nas capas máis humildes da nosa sociedade, as que non poden acudir aos sistemas privados. Así xa pasou tanto coa reforma do mercado de traballo efectuada en 2012 ou do sistema de pensións de 2013, que se demostraron tan inxustas como ineficientes.

En definitiva, a carta aberta do Círculo de empresarios recolle unha serie de propostas caducadas, que xa se demostraron ineficientes, inxustas e insolidarias. Son impropias de empresarios que aposten pola innovación, pola produtividade e pola consolidación do Estado social e democrático de dereito.